ESCAVACION ARQUEOLÓXICA EN ÁREA E SONDAXES NO XACEMENTO DE O SEIXAL- FONTE QUENTE

GA36023043 (A GUARDA, PONTEVEDRA)

Outubro 2015

MEMORIA FINAL

Mar Cortegoso Comesaña

ÍNDICE

I. FICHA TECNICA **3**

II.INTRODUCCION **4**

III.O XACEMENTO DE O SEIXAL-FONTE QUENTE **6**

III.1. Localización e entorno xeográfico 6

III.2. Descrición arqueolóxica 7

IV.MEMORIA DOS TRABALLOS ARQUEOLOXICOS **10**

IV.1. Traballos topográficos 10

IV.2. Escavación en area 11

IV.3. Sondaxes 11

IV.4. Restitución dos terreos ao seu estado orixinal 12

IV.5. Metodoloxía e sistema de rexistro arqueolóxico 12

V.RESULTADOS DA INTERVENCIÓN **13**

V.1. Síntese estratigráfica 13

V.2. Materiais 16

VI.CONCLUSIÓNS **19**

VII.FICHAS DE UNIDADE ESTRATIGRÁFICA **21**

VIII.CATALOGO DE MATERIAIS **104**

IX.CATALOGO DE MOSTRAS **105**

X.MATRIX HARRIS DA INTERVENCIÓN **106**

XI.FOTOGRAFÍAS **107**

XII.PLANOS ARQUEOLÓXICOS **114**

XIII.ACTA DE DEPÓSITO DOS MATERIAIS NO MUSEO DE PONTEVEDRA **119**

I. FICHA TECNICA

Nome do proxecto

Escavación arqueolóxica en área e sondaxes no xacemento de O Seixal- Fonte Quente (GA36023043) no concello de A Guarda, Pontevedra.

Promotor

Servizo de Arqueoloxía da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Secretaría Xeral de Cultura. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Localización

O Seixal, parroquia de Santa María da Guarda. Concello de A Guarda. Provincia de Pontevedra.

Código SXPA

ED 102A 2015/320-0.

Tipo de actuación

Escavación arqueolóxica e sondaxes valorativas.

Arqueóloga directora

Mar Cortegoso Comesaña

Equipo técnico

Mª José Bóveda Fernández

Equipo de traballo

Paz Blanco Sanmartín
Alfonso Collazo Martínez
María Méndez Martínez
Ana Tembra Piñeiro

Datas da actuación

17 a 26 de agosto de 2015

II. INTRODUCCION

Esta memoria pretende documentar os resultados obtidos durante a intervención arqueolóxica realizada no xacemento Seixal- Fonte Quente. Esta actuación inscríbese dentro do programa de intervencións do ano 2015 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

O xacemento localízase na liña de costa, nunha praia de seixos onde apareceran unha serie de estruturas que semellaban ser estanques de salinas. Nesta zona realizouse unha escavación en área e sondaxes valorativas para documentar as estruturas existentes e valorar as opcións da súa adecuada preservación.

Os obxectivos concretos plantexados no proxecto de intervención, para esta intervención podíanse resumir en:

- Revisión bibliográfica e documental.
- Escavación arqueolóxica en área no sector sur do xacemento, e sondaxes valorativas no contorno, actuando en un total de 52 m². A escavación tería como finalidade determinar a caracterización formal do xacemento, o contexto cronolóxico e cultural e a súa delimitación espacial.
- Realizar a planimetría do xacemento a unha escala que permitise o rexistro e identificación das diferentes estruturas do xacemento arqueolóxico.
- Proposta de intervención futura no xacemento encamiñada a súa correcta conservación, segundo os resultados da escavación.
- Divulgación sobre os traballos que se levasen a cabo e sobre os valores propios do xacemento arqueolóxico na comunidade local.

A actuación realizouse de acordo co establecido no proxecto aínda que con algúns cambios, seguindo ademais aquelas condicións que estableceu a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia en virtude do disposto no artigo 56.3 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

A escavación en área localizouse na praia de seixos, e estaba proxectada inicialmente como un cadrado de 6 x 6, pero se adaptou ás estruturas que se atopaban a vista, polo que finalmente a área que se abriu foi un rectángulo de 11 x 4 m, co eixe máis longo en dirección noroeste- sueste, xa que pensamos que sería máis interesante abrir a maior cantidade de metros na parte afectada polo mar, onde as estructuras eran máis visibles, en previsión das futuras alteracións no inverno.

As sondaxes en proxecto, eran 4, unha situaríase no limite sur do xacemento, na praia e outras 3 na parte nororiental da área, nunha finca paralela ao paseo de madeira, e estas iban a estar identificadas por unha letra do alfabeto da A a D, comezando dende o norte e proseguindo cara ao sur. Finalmente a sondaxe na praia ao sur do xacemento non se realizou e as sondaxes na finca quedaron en dúas, denominadas finalmente sondaxe 1 e 2, tendo a primeira 3 x 3 m e a segunda 2 x 2 m. A escavación e área e a sondaxe 2, foron abertas de maneira manual, e a sondaxe 1 foi iniciada mediante unha gabia feita de forma mecánica coa axuda dunha retroexcavadora facilitada polo Concello de A Guarda, no

momento que localizamos as estruturas decidiuse abrir unha sondaxe de 9 m² e a maquinaria tamén retirou os primeiros niveis de terra vexetal desta.

Finalmente abríronse un total de 57 m².

Todos estes cambios e variacións se realizaron con coñecemento e autorización dos técnicos competentes do Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra.

Finalizada a intervención fíxose a reposición do terreo ao seu estado orixinal tras ter protexido convenientemente as estruturas, con malla plástica laranxa, que polo seu deseño permite sinalizar a zona escavada e as estruturas documentadas de forma efectiva sen crear humidades nin zonas de condensación, na escavación en área realizouse de maneira manual e nas sondaxes volveuse a tapar coa axuda mecánica da maquinaria cedida polo Concello de A Guarda.

III. O XACEMENTO DE O SEIXAL-FONTE QUENTE

III. 1.Localización e entorno xeográfico

A zona de actuación está situada na comarca do Baixo Miño na costa suroccidental de Galicia, na parroquia de Santa María de A Guarda, pertencente ao concello de A Guarda.

Topográficamente esta comarca , polo leste, está enmarcada polas alturas elevadas da dorsal meridiana, polo oeste, polo Atlántico e o seu peculiar litoral, no que se empraza o noso xacemento, e por unha pequena dorsal montañosa que discorre paralela ao océano, e polo sur polo río Miño e o seu estuario.

Así pois, o relevo aparece dominado pola serra da Groba ao oeste, que mostra distintas pendentes cara ao mar e a serra de Argallo na súa parte central. Existen alturas considerables que superan os 500 m. a pesar da proximidade ao océano, como el monte Aloia con 629 m., el Lousado con 613 m., Corrubelo con 597 m., el Campo do Couto con 552 m. o la Pedrada con 519 m. Entre los accidentes de costa más destacables están la punta Centinela, punta Orelluda, Pena Agoeira y la punta de Santa Tegra.

Emprazamento do xacemento, desde Portugal, ao sur.

O xacemento localízase na liña de costa, entre as poboacións de A Guarda e Camposancos. unha zona de costa baixa, unha fronte costeira con pequenos cantís, areais sedimentarios e praias de cantos e bloques, situada ao pe da forte ladeira que crea a vertente oeste da elevación granítica do monte de Santa Trega. Aquí a abrupta pendente do monte do castro remata nunha zona chaira de potentes solos moi axeitados para o cultivo.que polo seu aspecto e características están falando dunha orixe aluvial. Aínda que na actualidade non existan cursos de auga próximos que xustifiquen a súa potencia neste sector. Ata o punto que na zona a este tipo de terras se lle coñece como "terras de azafrán" xa que son moi produtivas dende o punto de vista agrícola.

Detalle do emprazamento dende o sur.

Na actualidade as fincas están maioritariamente abandonadas. A vexetación dominante da zona é de fentos, silvas e matogueiras e outras formacións vexetais tipicamente costeiras. A zona está humanizada pola construción dun paseo marítimo de madeira

que bordea a costa entre A Guarda e a Praia de Camposancos. Ao lado deste paseo discorre unha canalización vinculada coa EDAR situada ao inicio do paseo. Pese ao evidente abandono das tarefas agrícolas, a zona séguese usando para outros usos tradicionais, como o marisqueo e a recollida de algas. Pola contra outros antigos usos téñense perdido e só se conservan na microtoponimia, este sector da costa coñécese como O *Conghrido* topónimo tras o que se agacha o seu máis que seguro uso como secadoiro de peixes.

O topónimo seixal, que abarca este sector da costa, resulta facilmente explicable en base á morfoloxía da praia. Unha capa de cantos rodados en continuo movemento, por mor da dinámica mareal, que cobre a zona, e que coincide, ata certo punto, coa área de localización das salinas. Estes seixos, de orixe mariña, non ocupan unicamente a liña mareal senón que, debido aos fortes temporais; estenden a súa área de expansión cara ao interior, traspasando a pasarela do paseo marítimo e ocupando os antigos terreos de cultivo.

III.2. Descrición arqueolóxica

Será o veciño de A Guarda D. Cándido Verde quen notifique aos Servizos de Arqueoloxía da Xunta de Galicia da existencia dun posible xacemento arqueolóxico no Seixal - Fonte Quente. Aínda que a existencia destes restos era coñecida na zona dende os anos 80 grazas aos traballos de afeccionados que publicaran unha pequena guía cos seus achados.

Durante os traballos levados a cabo por nós na zona puidemos entrar en contacto con Agustín Ferreira Lorenzo da Asociación *Anaban* (Asociación naturalista do Baixo Miño), e informounos da vinculación do xacemento coa súa asociación dende os anos 80. En 1983, Antón Ferreira Lorenzo e Antonio Español, daquela membros da Agrupación Cultural Guardesa, percorreron a costa da Guarda interesados en coñecer a localización das salinas escavadas nos rochedos, en en rochas soltas ou en laxes. No seu percorrido observaron varias destas salinas pero tamén varios tramos de "enlousado" do que non coñecían nin a función nin a cronoloxía. Segundo informacións de Antón Ferreira, o tramo de enlousado que el puido ver nos anos oitenta, na costa sur da Guarda, iría dende os inicios do Seixal, onde na actualidade comeza a pasarela de madeira, ata as proximidades de Sollás. En total, uns 180 metros de lonxitude documentado. Igualmente tamén documenta este tipo de estruturas en varios puntos da costa guardesa, en Punta Barbela, Sollás (Pedra Alta), O Matadeiro, A Lamosa, e Punta Bazaar. Tamén lembra que na zona de Sollás, viu como un particular nunha finca, facendo unha fosa séptica, extraeu varias lousas do fondo, que posiblemente pertencerían as estruturas dunha salina. Con todos estes descubrimentos fíxose un folleto que se distribuíu co Boletín Carrizal no mes de xullo do ano 1984, pola Agrupación Cultural Guardesa. De todos estes achados e a título persoal enviou diferentes escritos á Deputación de Pontevedra, Xunta de Galicia e Museo de Castrelos no ano 1984, pero nunca recibiu resposta.

Vista das estruturas na praia no inicio da intervención

No momento inicial da nosa actuación, ao carón do paseo actual de madeira, os restos destas estruturas eran visibles na praia de seixos, entre estes asomaban unha serie de fileiras de pedras fincadas, de pequeno tamaño, que conformaban espazos regulares, cadrados ou rectangulares, e que presentaban un pavimento formado por laxes irregulares de mediano tamaño separadas ata 5 cm entre si. Estas estruturas quedaban á vista ou volvían a cubrirse segundo a intensidade do proceso intermareal.

Tendo en conta as súas características construtivas, as estruturas atopadas parecían ter semellanzas con algúns estanques de cristalización das salinas romanas aparecidas no xacemento do Areal, en Vigo[1]. Teñen un espazo reducido semellante, de pouco calado e delimitado por laxes fincadas e algúns con pavimentación de lousas planas. Tamén parécense a unhas salinas do municipio de Oia, das que unicamente se ten constancia fotográfica[2], estas emplazánse nun espazo moi semellante e tamén utilizan seixos no pavimento, e ás salinas portuguesas entre o Cávado e o Neiva, no norte de Portugal, publicadas como medievais, aínda que cunha probable fase anterior de época romana.[3]

Fotografía do pavimento das salinas de O Areal, tomada de Juan C. Castro Carrera,2006



Fotografías de Remigio Nieto das salinas do Porto de Mougás, Oia hoxe perdidas, depositadas no Museo de Pontevedra e facilitadas por Antonio de la Peña e F. Javier Costas Goberna.

[1] Carrera, Juan C. Castro. La salina romana de « O Areal », Vigo (Galice) In : Le sel de la Baie : Histoire, archéologie, ethnologie des sels atlantiques [en ligne]. Rennes : Presses universitaires de Rennes, 2006 (généré le 31 juillet 2015). Disponible en Internet : <http://books.openedition.org/pur/7600>. ISBN : 9782753531994.

[2] Currás Refojos, B. 2014. Transformaciones sociales e territoriales en la cuenca del Baixo Miño entre la Edad del Hierro y la integración en el Imperio Romano. Tesis doctoral inédita. Depositada en la Universidad Geografía e Historia de Santiago de Compostela. p 812-813

[3] Almeida, C.A. Brochado de. 2005: A exploraçao do sal na costa portuguesa a Norte do Río Ave. Da Antiguedade Clássica á Baixa Idade Media. I Seminario Internacional sobre o sal portugues. Instituto de Historia Moderna da Universidade do Porto, p. 137-170.

Igualmente temos constancia dunhas salinas existentes na praia de Nerga en Hío, Cangas. Estas estruturas dátanse como de época romana e o seu pavimento está conformado con seixos e teñen unhas canles que separan o espazo entre os estanques.

Salinas de Nerga, Hío, Cangas, fotografía depositada no Museo de Pontevedra e facilitada por Antonio de la Peña

Na mesma praia de seixos localízase o Achado do Seixal (GA36023A30) onde se atopan gran cantidade de cantos tallados e lascas en cuarzo e cuarcita, e uns metros máis ao sur localízase o xacemento Salinas de O Seixal (GA36023041) que consiste nunha rocha exenta de grandes dimensión coa superficie lisa cun reborde perimetral. Neste tipo de lousas facíase unha recollida de sal que os autores vinculan dende á época prehistórica ata á Idade do Ferro.

Unhas das lousas con rebaixes pertencentes ao xacemento Salinas de O Seixal

Para comprender a natureza da recollida da sal na zona, basta con mirar ao redor, na zona próxima ao xacemento cara ó norte, en Fonte Quente, obsérvanse unha serie de pozas ou zonas deprimidas nos cantís da costa, onde nesta época do ano (verano), acumúlase de maneira natural auga de mar e coa insolación e o vento a auga evapórase e o sal vai quedando nos laterais das pozas. Incluso nesta zona parece haber unha serie de rebaixes naturais escuadrados pola man humana, aínda que descoñecemos a época e posible intencionalidade.

Rebaixe natural modificado na zona de Fonte Quente.

Sal nos bordes das pozas de Fonte Quente

O xacemento que nos ocupa está catalogado na ficha do Inventario de Xacementos Arqueolóxicos, co código GA36023043.

IV. MEMORIA DOS TRABALLOS ARQUEOLOXICOS

Como explicábamos no anterior apartado, na ladeira occidental do monte de Santa Trega, a carón do camiño litoral que discorre entre a Vila de A Guarda e a praia de o Puntal, en Camposancos, nunha zona de cantís e praias de seixos, localizáronse unha serie de estruturas compostas por fileiras de pedras fincadas, de mediano tamaño, que conformaban espazos regulares, de forma cuadrangular ou rectangular, con pavimentos de lousas planas de mediano tamaño e forma irregular. As estruturas documéntanse ao longo duns 150 metros. Ao estar situadas na rasa intermareal están expostas e afectadas directamente pola erosión do mar, ata o punto que quedan á vista ou están tapadas por seixos segundo a intensidade dos procesos mariños.

Pese a falta de materiais o seu emprazamento e características construtivas as relacionaban cos estanques de salinas romanas localizadas no xacemento do Areal en Vigo. Tamén asemellábanse moito ás referencias de salinas documentadas en Oia e no litoral de Portugal. Polo tanto a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia determinou a necesidade de caracterizar formalmente o xacemento e o seu contexto cronolóxico- cultural e a súa delimitación espacial.

IV.1. Traballos topográficos

Con anterioridade ao inicio dos traballos de escavación realizouse unha topografía da área de intervención usando para facela un GPS de precisión subcentimétrica. Como parte destes traballos rexistráronse os restos das estruturas visibles na actualidade en toda a zona do seixal. O rexistro das estruturas permitiu observar que existen restos de posibles salinas ao longo dunha extensión 150 metros, aínda que a zona de maior concentración abarca unha lonxitude de apenas 20 metros.

As labores de topografía permitiron, ademais dunha localización precisa das estruturas, coñecer cunha maior profundidade as características e topografía da zona, e en base a este novo coñecemento decidiuse realizar pequenos cambios sobre o plantexamento inicial do proxecto de intervención. Estes cambios afectaron tanto a zona da escavación en area como ao número, características e localización das sondaxes.

Dentro dos traballos de levantamento topográfico marcáronse diferentes bases para ter xeorreferenciada a zona. Algunhas destas bases colocáronse en puntos fixos e facilmente identificables, pensando en futuras intervencións (na tabla desta páxina indicamos a súas coordenadas reales). Para o rexistro diario en campo utilizouse unha estación total.

BASE001	X=509.915,354	Y=4.636.523,6	Z=6,389
BASE002	X=509.928,276	Y=4.636.506,92	Z=6,324
BASE003	X=509.907,586	Y=4.636.520,02	Z=5,985
BASE004	X=509.876,103	Y=4.636.536,57	Z=2,754
BASE005	X=509.885,498	Y=4.636.553,02	Z=5,668
BASE006	X=509.887,968	Y=4.636.557,2	Z=6,094
BASE007	X=509.882,766	Y=4.636.579,03	Z=5,782
BASE008	X=509.849,238	Y=4.636.716,81	Z=6,586
BASE009	X=509.846,613	Y=4.636.716,36	Z=6,728
BASE010	X=509.846,959	Y=4.636.749,69	Z=6,596

IV.2. Escavación en area

Como queda reflectido no apartado da introdución, proxectamos a realización dunha escavación en área de 36 m², que finalmente converteuse nunha franxa de 11 x 4 m, para así poder abarcar a meirande parte das salinas que eran visibles na praia. Deste xeito, foi posible intervir sobre un maior numero de estruturas e así ter un rexistro exhaustivo daqueles restos que están máis afectados pola acción mareal, con este cambio aumentouse o número de metros da zona da escavación.

A escavación realizouse nesta zona de maneira manual. Comezouse retirando o nivel de seixos soltos, o que deixou máis superficie das estruturas á vista, para continuar escavando ata a aparición das estruturas en toda área intervida.

Durante o proceso de escavación, trala aparición dun nivel de posible pavimento UE 004 sobre o enlousado dun dos tanques que estaba alterado pola acción mariña, decidiuse, co asesoramento e coñecemento dos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio, abrir unha calicata neste extremo. A calicata ten 1x1 m, e a súa finalidade era confirmar a existencia do enlousado baixo a UE 004 e tratar de identificar ó sistema de construción das estruturas, levantando un par de pedras deste enlousado xa relativamente alteradas polo mar.

IV.3. Sondaxes

Polo que respecta as sondaxes, estas víronse restrinxidas en número e extensión. Das catro sondaxes de 2 x 2 m, finalmente pasamos a executar unicamente dúas sondaxes, ambas localízanse na finca ubicada ao lado da pasarela de madeira. Tendo a sondaxe nº1, 3 x 3 m, e a nº2, 2 x 2 m. Co que reducimos en 3 m a extensión intervida nas sondaxes.

Estes cambios veñen motivados polas características edáficas deste sector. Durante a apertura manual da primeira das sondaxes (nº 2) comprobamos o grosor e dureza que presentaba a capa máis superficial, composta maioritariamente por seixos e lixo, baixo esta aparecía un potente nivel de terra húmica que selaba unha formación de características moi similares ao depósito que cubre as estruturas na praia. Tendo en conta isto, e tras consultar cos técnicos do Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra, decidiuse usar unha retroescavadora, facilitada polo Concello de A Guarda, para abrir unha gabia en paralelo á zona de escavación da praia, cunhas dimensións de 11 x 1 m. Os resultados desta sondaxe confirmaron a secuencia estratigráfica da sondaxe 2 e a presenza das salinas baixo a UE 102.

A *sondaxe 1* localizase na zona media da finca, foi iniciada a partir dos resultado acadados coa gabia mecánica. No momento no que confirmamos a existencia de restos, decidiuse realizar unha sondaxe de 3 x 3 m, que nos niveles superficiais foi aberta pola maquina con control arqueolóxico. O resto da sondaxe foi aberta manualmente. Unha vez localizado o pavimento da salina dimos por finalizada a sondaxe.

A *sondaxe 2* localizase no extremo sur da finca. É unha sondaxe de 2 x 2 m que se abriu na súa totalidade de maneira manual. Escavouse completamente ata aparición dunha serie de estruturas de difícil interpretación pero aparentemente relacionables coas salinas. Considerouse que a desmontaxe destas estruturas, sen coñecer a súa cronoloxía, tipoloxía ou funcionalidade, para proseguir coa escavación da sondaxe, podía alterar a futura comprensión dos niveis arqueolóxicos. Por consello dos técnicos de Patrimonio, decidiuse profundar unicamente no lado oeste da cata, realizando unha calicata de 2 x 1 m, que permitiu documentar a existencia da salina.

IV.4. Restitución dos terreos ao seu estado orixinal

Finalmente seguindo o especificada na ofertas dos traballos, levouse a cabo a restitución dos terreos ao seu estado orixinal.

Na parte da praia de seixos, a restitución consistiu na cubrición das estruturas, con malla plástica laranxa, que polo seu deseño permite sinalizar a zona escavada e as estruturas documentadas de forma efectiva sen crear humidades nin zonas de condensación, e a posterior restitución de xeito manual dos seixos e a terra xeradas pola escavación.

Nas sondaxes e na gabia, despois de cubrir a área escavada e as estruturas localizadas, co mesmo tipo de malla plástica laranxa, empregouse a terra procedente da súa escavación para volvelas a tapar coa axuda mecánica da maquinaria cedida polo Concello de A Guarda.

IV.5. Metodoloxía e sistema de rexistro arqueolóxico

Para a realización dos traballos empregouse a metodoloxía propia dunha escavación arqueolóxica. A escavación e as sondaxes concibíronse como un proceso de lectura estratigráfica, coa recollida pormenorizada de todas as evidencias que apareceron, complementada cun rexistro exhaustivo e detallado dos diferentes niveis estratigráficos e estruturas. Para o análise dos niveis estratigráficos e as súas relacións aplicouse o método Harris de estudio das secuencias estratigráficas. Todo o traballo de escavación estivo complementado coa realización dun sistemático rexistro gráfico usando fotografía e debuxo. Aínda que os materiais se recolleron por niveis estratigráficos, nos casos que podían estar asociados as estruturas pasaron a recollerse tridimensionalmente.

Para o rexistro da información considerouse o norte xeográfico como norte arqueolóxico, o uso de GPS subcentimétrico e de estación total permitiu unha xeorreferenciación completa de toda a intervención, este feito converteu en innecesaria manter a orientación ao norte das sondaxes, polo que decidimos que se adaptaran a eixo dominante que amosaban as estruturas na praia.

Toda a intervención está rexistrada no sistema de referencia de coordenadas ETRS89, coa proxección UTM no fuso 29 (código EPSG 25829). Para deixar referentes físicos deste sistema, colocáronse unha serie de bases en puntos visibles e facilmente recoñecibles sobre o terreo.

Recolléronse mostras de dous tipos diferentes de argamasas para o seu procesado posterior en laboratorio, pensando tanto na súa conservación, para contrastar con restos de posteriores intervencións, como para a realización de datacións.

O material recollido foi lavado, siglado, fotografado e inventariado. Foi siglado coa sigla que figuraba no proxecto, resultante de combinar as iniciais do nome do xacemento (Seixal-Fonte Quente) cos dous últimos díxitos do ano da intervención (2015). Ademais levan un número de rexistro individual para cada peza, e o código da unidade estratigráfica na que se localizaron quedando a sigla do modo que segue:

SFQ-15 /01/01

Os fragmentos foron siglados con etiquetas fixadas con Paraloid B-72, rebaixado ao 30% con acetona. O inventario de material realizouse nunha base de datos de Access realizada para esta intervención.

V. RESULTADOS DA INTERVENCIÓN

A intervención arqueolóxica realizada permitiu obter a información necesaria para iniciar o estudo do xacemento. Nesta intervención defínense dous sectores diferentes, con procesos postdeposicionais distintos que colmatan o xacemento arqueolóxico.

- A praia de seixos, que cobren directamente as estruturas vinculadas coa salina, que vese alterada pola acción mariña e os temporais.
- A finca dedicada a cultivo no limite leste do xacemento, con niveis de terras vexetais e agrícolas que cobren as estruturas, xunto con niveis de seixos que proceden de episodios virulentos de acción mariña.

Baixo estes niveis aparecen as estruturas da salina como pasaremos a detallar a continuación:

V.1. Síntese estratigráfica

Pese as dúas zonas diferenciadas a nivel postdeposicional, as estruturas das salinas localízanse nos dous sectores, sendo a continuación do mesmo ente. Polo tanto imos encarar a estratigrafía desta intervención organizando en cinco grandes bloques, organizados dende o punto de vista da súa formación.

V.1.1.Niveis de praia

Nesta zona existe unha praia de seixos, que, na escavación en area, puidemos identificar con dous momentos distintos, unha a UE 001, é o nivel de praia que pola acción das mareas e os temporais, continúa en movemento hoxe en día. Está conformada con seixos soltos. A UE 002 son os mesmos seixos, pero edafizados, e dicir, xa non están en movemento, senón que conteñen terra, raíces e plantas, e está moito máis compacto.

Na zona da finca onde se sitúan as sondaxes hai un primeiro nivel, UE 100 e UE 200, que correspondese cun nivel de cantos procedentes da praia moi compacto e a súa formación posiblemente teña que ver con procesos mariños e atmosféricos.

Tamén existe un deposito de características similares á UE002, un nivel de seixos edafizado que cobre directamente as salinas, especialmente visible na sondaxe nº1 (UE 102).

V.1.2.Niveis de terra vexetal e actividade agrícola

Estes niveis detéctanse na finca onde se localizan as sondaxes. Son os niveis, UEs 101 e 201-202, tratase de niveis orgánicos compactos e homoxéneos que conteñen algún canto rodado e algunha pedra. Conteñen material contemporáneo e antigo mesturados, como corresponde a terras de labores agrícolas. Resulta curiosa a potencia destes niveis e o seu aspecto húmico nunha zona situada tan próxima da liña de costa. Este feito invita a pensar na existencia dalgún fenómeno externo que a xerara, ven sexa natural, como un aporte aluvial, ou antrópico.

V.1.3.Niveis de derrubo ou alteración das estruturas da salina

Tratase da UE 003 na escavación en área e da 203 na sondaxe 2. Son niveis de acumulación dunha terra amarelenta, con grandes pedras e moi compacta. Conteñen nos dous casos material antigo. E cobren directamente os niveis de salina propiamente ditos.

V.1.1.Niveis de salina

Tratase das estruturas que conforman o xacemento, os tanques que están formados e delimitados por varias UE, que se definen como pavimentos, enlousados, muretes de separación, argamasas e canles de paso.

En primeiro lugar pasamos a analizar os *enlousados*, tratase do piso do estanque da salina- Está conformado por lousas medianas e grandes, separadas entre elas por poucos centímetros, as veces utilizan para encher o espazo cantos de seixo, pero principalmente utilizan lousas de granito ou de xisto. Na escavación en área correspóndense coas UEs 009, 010, 011, 012, 013 e 014; na sondaxe 1 son as UE 104, 106 e 110; e na sondaxe 2 é a UE 205. Presentan diferentes alturas, creando unha sensación de estrutura escalonada, as diferenzas de cota, que presenta entre elas, son relativamente pequenas, duns 10 cm máximo.

Os *muretes de separación*, están conformados por lousas estreitas, en gran medida de xisto, aínda que tamén se utiliza o granito, que colocadas fincadas e de canto separan cada un dos estanques da salina. Teñen unha orientación constante, norte-sur ou leste-oeste, e enmarcan espazos cuadrangulares ou rectangulares. Na escavación en área correspóndense coas UE 015, 016, 017, 018, 019, e 023; na sondaxe 1 e a UE 105; e na sondaxe 2 é a UE 206.

Moi semellantes a estes muretes pero cunha funcionalidade máis complexa son as estruturas que identificamos como *canles*, na súa acepción de zonas de paso. Tratase de unhas estruturas conformadas por dous muretes de lousas de canto que flanquean un deposito de recheo e pedras que conforman unha zona colmatada que separa os tanques de salinas

permitindo o paso entre eles. Na escavación en área correspóndense coas UE 020 e 021; na sondaxe 1 son as UE 107, 108 e 109; e na sondaxe 2 é a UE 205.

Noutras ocasións estas canles teñen asociada unha estrutura muraria en seco construída por riba delas. Pensamos que se corresponde cunha estrutura asociada á salina, aínda que pode ser unha modificación posterior, por exemplo unha construción de unha zona de contención. Na escavación en área correspondese coa UE 022 e creemos que pode ser algo similar a UE 204, na sondaxe 2. Esta última UE desmontouse en parte para completar a información e intentar ver si continuaba en profundidade, como puidemos confirmar.

Por último destacamos a documentación de restos puntuais de *argamasa* de selado das estruturas: UE 007 e 008, das que recollemos mostras (MO 001 e MO 002, ver apartado inventario de mostras) co fin de analizalas nun futuro. Estas argamasas, moi compacta no caso da UE 007, e que son de cor gris e marrón, atópanse selando as xuntas entre muros e enlosados ou cubrido directamente o enlousado.

Tamén documentamos no enlousado UE 013, un posible *pavimento* que o cubre UE 004, tratase dun nivel amarelento, moi duro e compacto, con seixos que mantivemos sen escavar na súa totalidade. Esta foi unha das razóns de facer a calicata neste sector, para retirar unha parte e comprobar a existencia do enlousado por baixo del.

V.1.1.Niveis baixo a salina

Na calicata realizada no tanque definido pola UE 013, levantouse parte del para observar si o enlousado aparecía baixo a UE 004 e intentar obter máis información da forma de construción da estrutura e a súa morfoloxía. Retirada a UE 004, e directamente baixo o enlousado UE 013 atopase a UE 005 , que ten terra negra e cantos rodados, parece unha forma de preparación do solo para adaptalo á horizontalidade necesaria para a salina. E a UE 006 que é a transición ao substrato da zona, e que tamén resulta observable na franxa máis próxima ao mar da área escavada, na que a estrutura da salina está xa desmontada.

V.2. Materiais

No transcurso da intervención, recolleuse un conxunto de material consistente en vinte dúas pezas, das cales, catro pezas rexistráronse na escavación en área, tres na sondaxe 1 e quince pezas na sondaxe 2. Unha é un lítico, outra un vidro e o resto son cerámicas. Tratase dun conxunto moi heteroxéneo e que apenas se atopa rodado, en liñas xerais.

V.2. 1. Materiais da escavación en area.

Localízanse 4 pezas, das que dúas son cerámicas e as outras son un lítico e un vidro.

A peza SFQ-15/001/001 localizada na UE 001, aínda que en contacto coas pedras que conforman un dos muros das salinas, pode corresponderse cun ánfora romana, xa que a pasta de cor laranxa, moi decantada e moi fina, parécenos propia destes contedores.

SFQ-15/001/001

Neste mesmo depósito localizouse un lítico, SFQ-15/001/009, unha man de muíño navicular, alongada e de sección semicircular, cunha cara plana e outra semicircular. Esta peza non a podemos adscribir a un momento determinado, xa que estando no depósito da praia de seixos, pode pertencer a calquera momento xa que é unha zona de acopio de materias primas e de traballo lítico dende épocas prehistóricas ata a actualidade. Aínda que a súa aparición nesta zona pódenos levar a pensar na súa vinculación co traballo da salina, no proceso de moenda da flor de sal.

SFQ-15/001/009

Na UE 003 localizouse un único fragmento de cerámica SFQ-15/003/0016 que pódese adscribir a época castrexa ou a unha peza de tradición indíxena presente no mundo romano. Tratase dun corpo hemisférico de pasta beixe e exterior grisáceo brunido, cunha decoración consistente nun motivo rectilíneo conseguido con un espatulado que rompe o tratamento exterior da peza. Por último na calicata realizada nesta área, na UE005, localizouse baixo o pavimento a peza SFQ-15/005/021, un vidro de cor verde e adscrición indeterminada, aínda que posiblemente sexa unha intrusión contemporánea. E un fragmento decorado con molduras e un acabado rugoso no interior na parte inferior da peza. Polo color e factura non nos parece moi antigo, e malia que se localiza baixo o enlousado da salina, está na parte desmontada pola acción do mar, polo que podería ser unha intrusión, xa que esta parte estaba bastante afectada pola acción mareal.

SFQ-15/005/021

V.2.2. Materiais da sondaxe 1

Localízanse tres pezas de cerámica, todas na UE 101, o horizonte A da zona, unha boa terra de cultivo, ao que dedicouse tradicionalmente. As pezas están un pouco rodadas, e correspóndense con dous fragmentos de vasillas vidradas en cor amarelo ámbar posiblemente de época

moderna. E a peza SFQ-15/101/022 que é un borde dunha peza aberta, con un reborde externo. Esta peza pode encadrarse cronoloxicamente en época moderna ou ben en época tardorromana sendo unha imitación das fontes de engobe vermello, aínda que polo seu estado de conservación non nos atrevemos a definilo.

MATERIAL DA SONDAXE 1

V.2.3. Materiais da sondaxe 2

Na sondaxe 2 recuperáronse 15 pezas, a maioría nas UE 200 e 201, que se corresponden cos niveis superiores, tanto o nivel de recheo de cantos e material contemporáneo e o nivel ou horizonte A, a terra de cultivo anteriormente existente na zona. Na UE 200 localizase un conxunto de material consistente en exemplares de tella contemporáneo, cerámicas vidradas e esmaltadas posiblemente modernas e varios fragmentos de cerámica de cor gris moi fina, de forma aberta e labio con reborde exterior, ten marcas de torno rápido, estas pezas corresponden tamén a un momento moderno. Por último nesta UE aparece un fragmento un pouco rodado de cerámica castrexa, de pasta gris, e brunido externo.



MATERIAL PROCEDENTE DA UE 200

Na UE 201 aparece outro conxunto heteroxéneo de pezas, varios exemplares de pratos esmaltados e tella de época contemporánea, cerámica vidrada moderna e un fragmento de borde dun conco SFQ-15/201/015 de adscrición indeterminada aínda que podería ser moderno ou tardorromano, conserva restos dun posible engobe interior vermello.

O material localizado nas UE 203 e 204 e máis interesante, tanto pola case completa ausencia de material, xa que unicamente se recuperou unha peza en cada UE, como pola adscrición cronolóxica de ditas pezas, a SFQ-15/203/018 e un fragmento de ánfora romana (ou no seu defecto de tégula), e a SFQ-15/202/017 é un fragmento de cerámica castrexa de cocción redutora e brunido exterior. Ambas pezas teñen un leve grao de rodamento.

SFQ-15/202/017 E SFQ-15/203/018

V.2.4. Conclusións

Na intervención levada a cabo no xacemento Seixal - Fonte Quente localizouse un conxunto de material moi escaso e heteroxéneo. O material está fragmentado pero ten un grao de rodamento leve. En vista do cal podemos concluír:

- Nos niveles de colmatación das estruturas das salinas, na zona das sondaxes, aparece material moderno e contemporáneo, vinculado ao uso da zona para cultivo. Igualmente aparece puntualmente restos de material romano e castrexo.

- Nos niveles directamente vinculados coas estruturas: pavimentos e derrubes, aparece material que se pode adscribir a época romana e castrexa.

- Na calicata baixo a salina realizada na zona aberta en área localizase un vidro de cronoloxía indeterminada, nunha zona que puido estar exposta aos rigores marítimos en épocas recentes e polo tanto alterada.

- Na zona escavada en área localizouse unha man de muíño que podería vincularse co traballo do sal, e na UE 003, nivel de derrube sobre a salina, aparece unha peza cerámica de época castrexa ou romana.

VI. CONCLUSIÓNS

Unha vez rematados os traballos da intervención na zona de O Seixal - Fonte Quente, existen unha serie de conclusións básicas que nos permiten ter unha idea moi clara sobre o tipo de xacemento no que estamos, a súa estrutura, extensión e posible cronoloxía.

Como primeiro punto esta actuación nos permitiu ter un coñecemento moi claro sobre os procesos estratigráficos na zona. Permitindo identificar dous sistemas de creación dos solos. Por un lado, na zona da praia será a erosión mariña a responsable da creación da praia de cantos rodados que cubre as estruturas arqueolóxicas, ao tempo que funciona como principal causa de erosión e alteración das mesmas.

Por outro lado na zona de cultivos, podemos observar ademais das evidencias da interacción mariña neste sector, existe un forte proceso de sedimentación que sepultou as estruturas, cuxas causas non podemos definir con seguridade nestes momentos, podendo ser un proceso natural ou antrópico.

Tódalas estruturas localizadas responden a un complexo salineiro coa localización de 10 tanques de cristalización, formados por enlousados de pedra e muretes separadores construídos con lousas. Na zona da praia na que se escavou un maior número de estruturas, estes tanques dispostos en forma de dameiro conforman unha estrutura escalonada, a que resulta moi doado atoparlle paralelos en salinas dende a época romana ata a época contemporánea. Ademais do conxunto de tanques puidemos localizar un sistema de canles que crearían zonas de paso para acceder ás distintas areas da salina.

A aparición dos tanques de cristalización, que forman parte da última fase do proceso de obtención da sal, obríganos a reflexionar sobre todos aqueles sectores dunha salina que non foron localizados nesta intervención e que forman parte do complexo, como os estanques profundos de decantación e os canais de entrada de auga. Esta parte pensamos que, ben pode estar xa desmontada pola acción mariña, ou que aínda se conserva baixo a terra de cultivo das fincas colindantes.

Esta última posibilidade axuda a definir cales serían os límites reais do xacemento. Se ben na zona da praia e posible delimitar un área lineal de 150 m na que actualmente resultan visibles estruturas similares ás escavadas, a delimitación cara ao interior veuse limitada polos permisos dos propietarios, polo que unicamente podemos afirmar que o xacemento ocupa unha franxa de 30 m terra a dentro. Si os estanques profundos estiveran colocados a unha cota mais alta que os estanques de cristalización, estes deberían estenderse mais aló desta franxa.

Todos os tanques de cristalización documentados neste xacemento presenta enlousados de pedra, este os diferenza das salinas romanas do Areal, que, maioritariamente, non teñen este tipo de pavimento. Este feito pode ser debido algo tan simple como o emprazamento das salinas do Seixal nunha zona de cantís e praia de seixos en mar aberto, en contraposición coas salinas de Vigo, nunha zona de areal ao abrigo da ría.

En canto a cronoloxía, pese a falta de evidencias firmes, consideramos que son de época romana, tendo en conta a súa tipoloxía e que varios dos escasos restos materiais documentados son adscribibles a esta época. Este tipo de salinas existen tamén en época medieval, aínda que non existe ningunha documentación que permita vinculalas a este momento, e, consideramos que unhas salinas desta envergadura deberían de aparecer reflectidas dalgún xeito nos rexistros da época.

Como punto final das nosas conclusións, e cos datos dispoñibles, queremos propoñer unhas liñas simples para unha intervención futura.

Resulta importante planificar unha escavación en área aberta que inclúa as dúas sondaxes realizadas, que abarque a zona de fincas e que permita delimitar a extensión das salinas cara ao interior. Esta escavación debe de combinarse coa execución de sondaxes mecánicas na zona máis afastada das estrutura localizadas, previndo a aparición doutro tipo de estruturas que completen o sistema salineiro ou posibles áreas de habitación.

Polo que respecta á conservación dos restos, esta resulta moi doada na zona das fincas, unicamente suporía unha consolidación básica das estruturas. Algo moi diferente sucede na zona de costa, planificar novas escavacións no sector da praia implicaría ou ben o tapado sistemático dos restos que aparezan unha vez finalizadas as tarefas de escavación e rexistro, ou ben a creación dun sistema de rompeondas ou barreira de protección que diminúa a tremenda afección que sobre os restos supón a acción combinada da dinámica mareal e dos forte temporais que sofre este tramo da costa nos meses invernais.

A arqueóloga directora

Mar Cortegoso Comesaña

VII. FICHAS DE UNIDADE ESTRATIGRÁFICA

UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

ACTUACIÓN	SECTOR/SONDAXE	Depósito	Nº 001
O Seixal (GA36023043)	Escavación		

DESCRIPCIÓN	
Depósito 1. Textura 2. Compactación 3. Cor 4. Composición 5. Inclusións (menos 10%) 6. Límite co seguinte nivel 7. Método de escavación 8. Comentarios Corte 1. Planta (boca / base) 2. Perfil (paredes/base) 3. Orientación 4. Inclinación do eixo 5. Encheito por (nº) 6. Comentarios Estructura 1. Forma / Orientación 2. Materiais (tipo / tamaño) 3. Técnica de construcción 4. Textura / cor 5. Comentarios	Potente nivel formado por seixos e lixo de aspecto recente. Os materiais están soltos, sen terra que lles de cohexión e semellan estar en permanente movemento e alteración, debido á dinámica mariña. Ocupa toda a superficie da praia actual.

LONXITUDE	ANCHURA	PROFUNDIDADE / ALTURA	DIÁMETRO
11	4	0,4	

ACHADOS	
Alto risco de achados intrusivos	
Lítico	Cerámica

RELACIÓNS ESTRATIGRÁFICAS		
Cobre a	UE002, UE009, UE011, UE013, UE016, UE019, UE023	Cuberto por
Corta a		Cortado por
Enche a		Encheito por
Igual a		Relacionable a
Ao lado de	Apóiase en	Apóiaselle

ESQUEMA DO PERFIL / PLANTA



INTERPRETACIÓN	Praia de cantos rodados.

COTAS	Superiores + 5,51	Inferiores + 4,18

UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

ACTUACIÓN	SECTOR/SONDAXE	Depósito	Nº 002
O Seixal (GA36023043)	Escavación		

DESCRIPCIÓN	
Depósito 1. Textura 2. Compactación 3. Cor 4. Composición 5. Inclusións (menos 10%) 6. Límite co seguinte nivel 7. Método de escavación 8. Comentarios Corte 1. Planta (boca / base) 2. Perfil (paredes/base) 3. Orientación 4. Inclinación do eixo 5. Encheito por (nº) 6. Comentarios Estructura 1. Forma / Orientación 2. Materiais (tipo / tamaño) 3. Técnica de construcción 4. Textura / cor 5. Comentarios	Nivel formado por seixos mesturados con terra vexetal e abundantes raíces de vexetación marítima. Está relativamente pouco compacta, estendese por practicamente por toda a área de escavación, aínda que presenta diferentes grosores e grados de dureza.

LONXITUDE	ANCHURA	PROFUNDIDADE / ALTURA	DIÁMETRO
11	3,7		

ACHADOS	Alto risco de achados intrusivos

RELACIÓNS ESTRATIGRÁFICAS

Cobre a	EU003, UE004, UE008, UE009, UE010, UE11, UE12, UE15, UE16, UE17, UE18	Cuberto por	UE001
Corta a		Cortado por	
Enche a		Encheito por	
Igual a		Relacionable a	UE102, UE203

Ao lado de	Apóiase en	Apóiaselle

ESQUEMA DO PERFIL / PLANTA



INTERPRETACIÓN	Praia de seixos en proceso de fosilización baixo o novos niveis creados pola dinámica mariña.

COTAS	Superiores + 5,08	Inferiores + 4,59

UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

ACTUACIÓN	SECTOR/SONDAXE	Depósito	Nº 003
O Seixal (GA36023043)	Escavación		

DESCRIPCIÓN	
Depósito 1. Textura 2. Compactación 3. Cor 4. Composición 5. Inclusións (menos 10%) 6. Límite co seguinte nivel 7. Método de escavación 8. Comentarios Corte 1. Planta (boca / base) 2. Perfil (paredes/base) 3. Orientación 4. Inclinación do eixo 5. Encheito por (nº) 6. Comentarios Estructura 1. Forma / Orientación 2. Materiais (tipo / tamaño) 3. Técnica de construcción 4. Textura / cor 5. Comentarios	Nivel conformado por pedras de granito de mediano e gran tamaño, seixos e terra de cor clara e textura semellante ao xabre, que conforma un depósito moi duro e compacto. Localizase na zona suroriental da área escavada. Atópase por riba das salinas.

LONXITUDE	ANCHURA	PROFUNDIDADE / ALTURA	DIÁMETRO
5,48	2,1	0,6	

ACHADOS	
Cerámica	Baixo risco de achados intrusivos

RELACIÓNS ESTRATIGRÁFICAS			
Cobre a	UE004, UE12, UE014, UE18, UE020, UE021, UE022	Cuberto por	UE002
Corta a		Cortado por	
Enche a		Encheito por	
Igual a		Relacionable a	
Ao lado de		Apóiase en	Apóiaselle

ESQUEMA DO PERFIL / PLANTA



INTERPRETACIÓN	Nivel de derrumbe situado sobre a estruturas das salinas.

COTAS	Superiores + 5,32	Inferiores + 4,68

UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

ACTUACIÓN	SECTOR/SONDAXE	Depósito	Nº 004
O Seixal (GA36023043)	Escavación		

DESCRIPCIÓN	
Depósito 1. Textura 2. Compactación 3. Cor 4. Composición 5. Inclusións (menos 10%) 6. Límite co seguinte nivel 7. Método de escavación 8. Comentarios Corte 1. Planta (boca / base) 2. Perfil (paredes/base) 3. Orientación 4. Inclinación do eixo 5. Encheito por (nº) 6. Comentarios Estructura 1. Forma / Orientación 2. Materiais (tipo / tamaño) 3. Técnica de construcción 4. Textura / cor 5. Comentarios	Nivel conformado por terra de cor clara e textura semellante ao xabre, moi dura e compacta ten seixos ainda que moi poucos en comparación cos niveis que a cubren. Localizase na zona sur da área escavada. Atópase directamente por riba das salinas, sobre todo sobre o pavemento do estanque UE013.

LONXITUDE	ANCHURA	PROFUNDIDADE / ALTURA	DIÁMETRO
4,33	2,11	0,12	

ACHADOS	Baixo risco de achados intrusivos

RELACIÓNS ESTRATIGRÁFICAS		
Cobre a UE013	Cuberto por UE003	
Corta a	Cortado por	
Enche a	Encheito por	
Igual a	Relacionable a	
Ao lado de	Apóiase en	Apóiaselle

ESQUEMA DO PERFIL / PLANTA



INTERPRETACIÓN	Posible argamasa ou pavemento que cubriría e homoxenizaría o pavemento da cubeta de cristalización UE013.

COTAS	Superiores + 4,67	Inferiores + 4,53

UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

ACTUACIÓN	SECTOR/SONDAXE	Depósito	Nº 005
O Seixal (GA36023043)	EscavaciónCalicata		

DESCRIPCIÓN	
Depósito 1. Textura 2. Compactación 3. Cor 4. Composición 5. Inclusións (menos 10%) 6. Límite co seguinte nivel 7. Método de escavación 8. Comentarios Corte 1. Planta (boca / base) 2. Perfil (paredes/base) 3. Orientación 4. Inclinación do eixo 5. Encheito por (nº) 6. Comentarios Estructura 1. Forma / Orientación 2. Materiais (tipo / tamaño) 3. Técnica de construcción 4. Textura / cor 5. Comentarios	Localizada na pequena calicata realizada na UE013, trátase dun nivel conformado por terra negra de gran fino compacta e mesturada con cantos rodados, semella un nivel natural preparado para crear unha zona de asento. O depósito pode estar alterado pola acción marítima xa que se sitúa no límite da zona alterada pola acción do mar.

LONXITUDE	ANCHURA	PROFUNDIDADE / ALTURA	DIÁMETRO
1	0,76	0,15	

ACHADOS	
Vidro	Risco de achados intrusivos

RELACIÓNS ESTRATIGRÁFICAS		
Cobre a UE006	Cuberto por UE001, UE013	
Corta a	Cortado por	
Enche a	Encheito por	
Igual a	Relacionable a	
Ao lado de	Apóiase en	Apóiaselle

ESQUEMA DO PERFIL / PLANTA



INTERPRETACIÓN	Preparación de terra e pedras para colocar o enlousado UE013. Semella un nivel natural que foi relativamente preparado ou achanzado para asentar a estrutura enlousada.

COTAS	Superiores + 4,27	Inferiores + 4,17

UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

ACTUACIÓN	SECTOR/SONDAXE	Depósito	Nº 006
O Seixal (GA36023043)	Escavación		

DESCRIPCIÓN	
Depósito 1. Textura 2. Compactación 3. Cor 4. Composición 5. Inclusións (menos 10%) 6. Límite co seguinte nivel 7. Método de escavación 8. Comentarios Corte 1. Planta (boca / base) 2. Perfil (paredes/base) 3. Orientación 4. Inclinación do eixo 5. Encheito por (nº) 6. Comentarios Estructura 1. Forma / Orientación 2. Materiais (tipo / tamaño) 3. Técnica de construcción 4. Textura / cor 5. Comentarios	Nivel de cor amarela, de grano fino e moi duro, sen apenas seixos. Semella formar parte do substrato natural da zona. Estedese pola zona desmontada pola acción do mar e na calicata realizada baixo o pavemento UE013

LONXITUDE	ANCHURA	PROFUNDIDADE / ALTURA	DIÁMETRO
11	2		

ACHADOS

RELACIÓNS ESTRATIGRÁFICAS

Cobre a	Cuberto por	UE001, UE005
Corta a	Cortado por	
Enche a	Encheito por	
Igual a	Relacionable a	
Ao lado de	Apóiase en	Apóiaselle

ESQUEMA DO PERFIL / PLANTA



INTERPRETACIÓN	Nivel natural de transición ao sustrato

COTAS	Superiores + 4,17	Inferiores +

UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

ACTUACIÓN	SECTOR/SONDAXE	Depósito	Nº 007
O Seixal (GA36023043)	Escavación		

DESCRIPCIÓN	
Depósito 1. Textura 2. Compactación 3. Cor 4. Composición 5. Inclusións (menos 10%) 6. Límite co seguinte nivel 7. Método de escavación 8. Comentarios Corte 1. Planta (boca / base) 2. Perfil (paredes/base) 3. Orientación 4. Inclinación do eixo 5. Encheito por (nº) 6. Comentarios Estructura 1. Forma / Orientación 2. Materiais (tipo / tamaño) 3. Técnica de construcción 4. Textura / cor 5. Comentarios	Argamasa de cor gris, con pequenas pedras, moi compacta. Localízase na esquina suroriental da escavacion en área, situada sobre o pavimento UE014.

LONXITUDE	ANCHURA	PROFUNDIDADE / ALTURA	DIÁMETRO
0,5	0,3	0,2	

ACHADOS

RELACIÓNS ESTRATIGRÁFICAS

Cobre a UE014	Cuberto por UE003	
Corta a	Cortado por	
Enche a	Encheito por	
Igual a	Relacionable a	
Ao lado de	Apóiase en	Apóiaselle

ESQUEMA DO PERFIL / PLANTA



INTERPRETACIÓN	Posible argamasa ou cubrición para illar os tanques de cristalización das salinas

COTAS	Superiores + 4,50	Inferiores + 4,48

UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

ACTUACIÓN	SECTOR/SONDAXE	Depósito	Nº 008
O Seixal (GA36023043)	Escavación		

